

OS BENEFICIOS DE TRABALLAR CON CANS

Ana Ruiz Sancho. Terapeuta Ocupacional.

Os cans levan formando parte das nosas vidas dende hai moito tempo e en moitas ocasións non somos capaces de ver non só as súas cualidades senón os beneficios que conleva vivir con eles.

As persoas que sufriron un dano cerebral adquirido, aínda que presenten secuelas físicas e/ou cognitivas non teñen porque deixar de pasear ou facer actividades co seu can.

Normalmente, cando se remata a rehabilitación, remárcase a necesidade de facer exercicio físico e realizar actividades que fomenten as capacidades cognitivas para manter as habilidades adquiridas, á vez que se favorece un maior grado de autonomía posible. Que mellor maneira de facelo que acompañado dun animal que non só vai facer compañía senón que vai adaptarse ás capacidades da persoa sen facer xuízos de valor.

Este ano, Sarela puxo en marcha un obradoiro con animais co fin de demostrar

que toda persoa pode non só ter un can, senón disfrutar da súa compañía, independentemente das limitacións que se teñan ou que as propias persoas se poñan. Os cans non se fixan nesas limitacións, simplemente disfrutan da nosa compañía e se adaptan aos nosos ritmos aceptándonos de maneira incondicional.

Neste obradoiro traballáronse distintos exercicios básicos de obediencia con cans, dende pasear ao lado do guía, ata lograr que os cans cumpriran distintas ordes como



“sentarse, tumbarse, o manterse en posición de quieto”.

Nesta actividade non importaban os déficit físicos ou cognitivos senón as capacidades de cada usuario, xa que os cans adaptáronse aos ritmos de cada persoa e a súa maneira de comunicarse (oral ou xestual).

Indo máis alá, os usuarios plantexáronse facer unha actividade de carácter deportivo cos cáns; o Agility. O Agility é un deporte que se realiza en conxunción co can, formando un equipo guía-can que debe superar unha serie de probas para lograr rematar un percorrido con distintos obstáculos (rampas, túneles, saltos...)

Primeiro, os participantes deben recoñecer e memorizar a orde de paso dos obstáculos, ademáis, tamén terán que establecer as diferntes estratexias relativas á súa



ubicación e movementos dentro da pista. A coordinación guía-can é o eixe fundamental sobre o que se cimta o resultado final.

Dentro do recinto, o can irá baixo as indicacións do seu dono que será quen se encargue de guíalo, acompañándoo durante todo o percorrido. O guía pode emplear ordes



verbais e visuais que son as que lle permiten indicar ao animal cal é o seguinte obstáculo que habrá de realizar. O can en todo momento está baixo as órdes e control do guía, quen terá que rexir convintemente os seus movementos cos do can, de xeito rápido e preciso, para buscar a colocación necesaria que lle permitirá afrontar con éxito o seguinte obstáculo, e así conseguir terminar a pista sen penalizacións e no menor tempo posible.

Co agility realizase exercicio físico ademais de que axudan a mellorar as destrezas motoras ou o equilibrio. Por outro lado, hai que atender ao percorrido que se vai a realizar, memorizándoo e planificando cómo

se vai a recorrer. É un exercicio que se practica ao aire libre onde non hai mellor recompensa que ver cómo o can e o seu guía móvense en perfecta sincronización ao realizar a pista.

Os cans apórtannos beneficios físicos e psicolóxicos e son os nosos aliados e compañeiros en multitude de circunstancias, facéndonos a vida máis placenteira e saudable. Nestos meses os usuarios do centro de día poideron vivilo, esperamos poder seguir compartindo este tipo de actividades e demostrando que as limitacións non son sempre tales e que son, quizáis os animais os primeiros que o ven deste xeito.

VISITA AO PISO PILOTO DE SOLUCIONA, GRUPO EMS

Jesús Juan Rodríguez Rial. Usuario do Centro.

Solucionna é unha iniciativa do Grupo EMS a disposición das persoas con discapacidade. Un centro onde se poden probar as posibilidades tanto de deseño como de tecnoloxía para lograr a máxima autonomía e entorno.

Creada para traballar o benestar das persoas dependentes e o seu entorno.

No ámbito da autonomía persoal crearon un proxecto que pon as solucións que cubren cada faceta da vida cotidiana dunha persoa, o espazo aproximado é de 300m.

O piso piloto adaptado é o espazo do que se ocupa o principal do proxecto. Este conta con 50m adaptados, un deseño funcional que permite a calquer discapacitado moverse de forma segura, mobiliario tamén (ergonómico e versátil, axudas técnicas, facilitar a comunicación, os recorridos etc...) aplicacións do

automatismo e tecnoloxía (control de luces, T.V, cociña de axudas técnicas).

Todo este proxecto se realizou porque solucionna, cos seus 17 anos de experiencia viron necesario a creación de un espazo entorno coma este, para facilitar o día a día a persoas con discapacidade.



Ana, Terapeuta Ocupacional e Suso, na visita ao piso piloto.

NOVAS DE INTERESE

FIRMA DE CONVENIO COA CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO

O día 16 de Xuño na sede da Cámara de Comercio de Santiago sita en San Pedro de Mezonzo, asistiron por parte de SARELA o Presidente da entidade José Balboa Ayán e o Xestor Económico José Manuel Jiménez Olvera para a firma do convenio. Na sinatura participaron o Presidente da Cámara de Comercio, Jesús Asorey e a Secretaria Xeral da entidade cameral, Filomena Casal.

Sarela e a Cámara de Comercio acordaron publicar e comunicar calquera das accións que se executen no marco do convenio. Pola súa parte, a asociación comprométese a difundir información das actividades formativas, así como captar alumnos; mentres a Cámara de Comercio comprométese a difundir ditas actividades e fomentar o seu aproveitamento didáctico.

OS NOSOS COLABORADORES



Agradecemoslles a súa colaboración e apoio aos nosos proxectos, esperando que continúe en vindeiros anos. Grazas.